

Asunto: Complemento proposta modificación RPT Consellería do Mar

Dependendo directamente da Vicesecretaría Xeral na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, está o posto de TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARQUIVO (PEC020000115770017), nivel 20, reservado á escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de arquivos (subgrupo A1), creado na RPT publicada no ano 2018 para dar cumprimento ao artigo 38 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Durante o tempo transcorrido dende aquela intentouse a cobertura do posto en distintas ocasións mediante o seu anuncio en comisión de servizos, todas elas sen éxito por non presentarse aspirantes. De acordo coa citada lei, en cada consellería debe existir persoal que sexa designado como o máximo responsable técnico en materia de arquivos, correspondéndolle o funcionamento do sistema de xestión documental, a elaboración de estudos de identificación que posibiliten a eliminación legal de documentación pública, a transferencia, localización e préstamos de documentos, así como o asesoramento a todo o persoal da consellería en temas de patrimonio documental.

A entidade e importancia de todas estas funcións e a imposibilidade ata este momento de contar con persoal cualificado para elas, aconsellan a amortización do posto citado e a creación dun posto coa denominación XEFATURA DE SECCIÓN DE ARQUIVO, de nivel 25, reservado á escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de arquivos (subgrupo A1), dependendo da Vicesecretaría Xeral da Consellería do Mar.

Xúntase en arquivo excel memoria económica da modificación de RPT coa incidencia desta proposta e actualizada a importes 2023.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Silvia Cortiñas Fernández

## **DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**

Consellería de Facenda e Administración Pública

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 038 – 881 995 339  
sxt.mar@xunta.gal

